

BASES VIII RUTA DE PINCHOS 2018

1. O Concello de O Barco, a Asociación Empresarial de Valdeorras e a Asociación Centro Comercial Aberto O Barco organizan a VIII Ruta de Pinchos 2018, que se desenvolverá entre os días 11 a 21 de xaneiro de 2018, ambos incluídos. A relación de establecementos de hostalería e restauración participantes, así como o pincho que ofrecen, o horario no que se serve e, no seu caso, o día de peche, constan nunha guía que se repartirá nos locais participantes.
2. Na guía insírese un mapa do Barco, e a ruta de pinchos dividírase nas seguintes 3 zonas, cao denominación das variedades de uva (mencía, godello, e dona branca):
 - ≈ Zona Mencía: Rúas Abdón Blanco, Conde Fenosa e zona Calabagueiros/colegios.
 - ≈ Zona Godello:, Paseo do Malecón, Praza José Otero, Marcelino Suarez, Plaza Lauro Olmo y Doctor Pérez Lista.
 - ≈ Zona Dona Branca: Praza Maior, Manuel Quiroga, Viloira y San Roque.
3. En apoio á Festa do Botelo, declarada de Interese Turístico, os días 20 (festa do Botelo) e 21 de xaneiro, os restaurantes participantes ofrecen o botelo nos seus menús. O resto de establecementos tamén ofrecerán, os días 20 (festa do Botelo) e 21 de xaneiro un pincho elaborado con este embutido.
4. O pincho/tapa da ruta se venderá ao prezo de **1,70 €**.
5. Ademais da guía editase un boleto de participación para que o cliente o sele en cinco locais nos que consuma o pincho/tapa da ruta (polo menos un de cada unha das tres zonas).
6. Como novidade nesta edición, pedirase que os clientes **valoren os pinchos**. Para iso, nos boletos de participación do sorteo, incluírase un apartado no que os clientes poñerán o nome do establecemento que, segundo o seu criterio, elaborase o mellor pincho/tapa. Estes boletos se depositarán na urna que estará en cada un dos establecementos participantes. Será gañador o establecemento que recibise un maior número de votos.
7. Os establecementos participantes na ruta sortean, entre os clientes que selen o boleto de participación nun mínimo de 5 establecementos, tendo que haber polo menos un de cada unha das 3 zonas, **catro ceas** para catro parellas

8. O sorteo se desenvolverá conforme ao seguinte procedemento:
- I. Os establecementos que participan na VIII Ruta de Pinchos terán, a disposición dos clientes, as guías e os boletos de participación.
 - II. Os clientes que consuman un pincho/tapa da Ruta solicitarán que lles selen o boleto de participación no establecemento que corresponda.
 - III. O boleto de participación selado terá que ter tamén os datos persoais do cliente (nome, poboación e teléfono) e o voto para o establecemento que, ao criterio do cliente, elaborou o mellor pincho/tapa.
O boleto de participación cuberto cos datos especificados se deixará na urna de calquera dos establecementos participantes ata o día 23 de xaneiro de 2018.
 - IV. O día 26 de xaneiro de 2017, en presenza dos medios de comunicación da comarca e de calquera persoa interesada, se procederá ao sorteo, extraendo catro boletos de participación, nos que se verificará que están selados, polo menos, por cinco establecementos, tendo que haber polo menos un de cada unha das 3 zonas. Tamén se verificará que o boleto está cuberto con, polo menos, o nome e o teléfono do titular, e que contén o voto para o establecemento. Estes catro primeiros boletos corresponderán ao premio de catro ceas para catro parellas.
 - V. Anularanse os boletos de participación que non estean selados por un mínimo de cinco establecementos dos que participan na Ruta, tendo que haber polo menos un de cada unha das 3 zonas, e os que non teñan cuberto o nome, o telefono do titular e o voto para o establecemento que, a criterio do participante, elaborou o mellor pincho.
 - VI. Os gañadores serán avisados por teléfono e disporán de 15 días naturais para aceptar o premio. O prazo para a aceptación remata o día 10 de febreiro de 2017.
 - VII. No caso de non poder localizar ao/s agraciado/s no teléfono que figura no boleto de participación, ou de non aceptalo/s no prazo establecido nestas bases, o/s premio/s quedará/n deserto/s e a disposición das entidades organizadoras, que decidirán o que consideren axeitado.
 - VIII. A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización as entidades organizadoras para a utilización dos datos de identificación facilitados no acto do sorteo polos participantes, única e exclusivamente para os efectos de publicidade dos seus resultados. O incumprimento destas bases supón a privación de todos os dereitos que podan derivar da participación no sorteo.
 - IX. As entidades organizadoras xestionarán os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estrito cumprimento de todos os requisitos exixibles pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.



CONCELLO
O BARCO DE VALDEORRAS



- X. Os datos facilitados polos participantes que resulten premiado se incorporarán a un ficheiro automatizado, debidamente inscrito no Rexistro Xeneral da Axencia Española de Protección de Datos, e serán empregados, única e exclusivamente, para os fins previstos nas presentes bases. Nembargantes, calquera dos participantes poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a través dunha comunicación escrita dirixida á: Asociación Empresarial de Valdeorras, Praza do Concello nº 2, 32 300 O Barco de Valdeorras.
- XI. As entidades organizadoras resérvanse o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

O Barco de Valdeorras, decembro de 2017